

Compartir ficheiros por bluetooth

Características e uso de bluetooth



Interface bluetooth USB

Xa que estamos vendo como intercambiar datos entre un equipo con Ubuntu e outros equipos, imos ver tamén outra opción que nos permite intercambiar datos entre dispositivos con **bluetooth**, como teléfonos móviles, tablets, PDAs, etc.

Bluetooth é unha tecnoloxía de **redes de área persoal** que está deseñada para conectar dispositivos entre si ou a un ordenador. Estes dispositivos poden ir dende teclados ou auriculares ata teléfonos móviles ou tablets.


Hoxe en día é moi habitual que as *tablets* e os teléfonos móviles incorporen interfaz de *bluetooth* (sobre todo os **smartphones**), pero para poder intercambiar datos entre estes dispositivos e un ordenador, este tamén ten que contar con un interfaz de *bluetooth*. Algunxs portátiles incorporan este interfaz, e senón podería utilizarse un interface de bluetooth por USB.

Así que, para poder probar na práctica os procesos expostos neste apartado, é necesario contar con un dispositivo con bluetooth e un ordenador con Ubuntu instalado que conte tamén con unha interface de bluetooth. Se non se dispón disto, pódese simplemente ver os pasos que se deben seguir para o intercambio de datos por bluetooth usando Ubuntu.


A aplicación de Bluetooth

A aplicación de Bluetooth xa ven instalada por defecto en Ubuntu

- A aplicación de Bluetooth



Iniciamos a aplicación dende o *Dash*.



Os dous interruptores da parte superior permiten activar ou desactivar a interface de bluetooth (hai que telo activado para poder transmitir datos) e facer o equipo visible para outros dispositivos con bluetooth. Esta última opción só a activaremos se queremos iniciar a conexión dende o dispositivo externo. Logo vemos a lista de dispositivos definidos, de momento baleira. Por último, a opción de *Mostrar o estado do Bluetooth na barra do menú* activada fará que se mostre o estado da conexión na icona que se pode ver na barra no menú de Ubuntu con símbolo de Bluetooth.


Iniciar unha conexión con un dispositivo bluetooth

Imos ver agora como podemos iniciar dende o equipo a conexión con un dispositivo bluetooth:


- Iniciar unha conexión con un dispositivo bluetooth



Teremos que engadir na lista de dispositivos o dispositivo co que nos queremos conectar. Na ventá principal da aplicación, picamos no botón +.




Agora o asistente vai detectar todos os dispositivos visibles que estean no alcance. Podemos fixarnos no despregable de *Tipo de dispositivo* para ver que tipos de dispositivos bluetooth se poden configurar: ratos, teclados, auriculares, altofalantes, módems, cámaras, impresoras, outros ordenadores, etc.




Lista de dispositivos atopados. Un deles é o móvil co que nos queremos conectar. Seleccionámolo e continuamos o asistente.




O asistente xenera un PIN que temos que introducir no móvil para permitir a conexión.




Unha vez introducido o PIN no móvil, remata o asistente. Neste caso como se trata dun teléfono móvil, podemos usalo para acceder aos ficheiros que ten almacenados ou para conectarnos a Internet a través de el.



Xa vemos o dispositivo engadido na lista de dispositivos. Picamos no botón de **Explorar ficheiros...**



e podemos acceder ao almacenamento do dispositivo, como se fose unha unidade de disco.



Como se pode ver na imaxe, tamén podemos usar a icona da barra do menú para conectarnos co dispositivo e explorar os ficheiros almacenados nel.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez